



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O  
DÍA VINTE E CINCO DE AGOSTO DE 2020 CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Tenentes de Alcalde: D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ  
D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO  
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ  
Escusa asistencia D. MANUEL COSTA CARNEIRO

Secretaria accidental D<sup>a</sup>. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día vinte e cinco de agosto de dous mil vinte, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (21/07/2020).**

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e un de xullo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- - Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.**

2.1.- Instancia núm. 202099900000223 de don Miguel Angel Lamas Rial. (Expediente núm. 2020/U022/000021)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar illada en Malfurado – San Andrés de Trobe (Expediente núm.: 2020/U022/000021), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais. N-2”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Luis Ruibal Rodríguez, en calidade de arquitecto, sendo o Arquitecto-Técnico e coordinador de seguridade e saúde, D. Benigno Carballo Louzao, coas seguintes características: ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta, núm. plantas: baixa, altura máxima de cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta, e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A505000430000AO.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:



1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Luís Ruibal Rodríguez de data 01/07/2020 e número de visado 003015,2.

-En cumprimento do artigo 91 da Lei 2/2016 do solo de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará coa contorna de maneira que favoreza a integración na contorna inmediata e na paisaxe.

-En cumprimento do artigo 24 da Lei 2/2016 do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento. Deberán solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia.

-A distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3m. debendo gardar a distancia das aliñacións respecto das vías.

-As augas pluviais recollidas na parcela deberán ser conectadas a un pozo ou foxo filtrante independente, e en ningún caso poderán saír directamente á gábea.

-Deberase proceder ao acondicionamento da zona de cesión para vías, que deberá quedar axardinada e coa mesma rasante que a vía. A rampla de acceso tamén deberá quedar ao mesmo nivel que a vía e deberase colocarse por debaixo un tubo de sección mínima 400 mm. para permitir o paso das augas da gábea á que haberá que darlle continuidade.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de vías nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 02, de 100,73 m<sup>2</sup>. e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario municipal de bens. Debe achegar previo ao inicio das obras escritura pública, inscrita no Rexistro da propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión. En todo caso a licenza de primeira ocupación estará condicionada ao cumprimento efectivo destes requisitos.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil novecentos dezaseis euros con vinte e catro céntimos (#1.916,24#).

2.2.- Comunicación previa de obra de dona Miriam Fernández Neira. (Expediente núm. 2020/U026/000028)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovida por dona Miriam Fernández Neira para dende a rampla de acceso pavimentada xa existente, continuar con formigón ao longo da pista de acceso ata a vivenda e diante do garaxe. A superficie a pavimentar é de 400m<sup>2</sup> aproximadamente.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A506007740001SZ, emprazada en Sarandón nº 48 – San Miguel de Sarandón, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).



2.3.- Instancia núm. 202000000000645 de dona M<sup>a</sup> Del Carmen Canedo de la Torre (Expediente 2020/U022/000018).

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda, consistente na renovación de material de cuberta, sita na Rúa Alcalde Francisco Carrillo, nº 12- Santa Cruz de Ribadulla (expediente núm.: 2020/U022/000018), en solo cualificado como “Solo urbano residencial de baixa densidade en tipoloxía mixta (U-1) e incorporada no catálogo de bens obxecto de protección ca numeración B-33, segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal, e nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Antonio Sabucedo Costa, en calidade de arquitecto.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 7461206NH4376S.

Dáse conta tamén da autorización outorgada polo Servizo de Patrimonio Cultural, con data do 11/08/2020 (expdte. 1325/20), para as obras solicitadas, no que se conclúe autorizar as obras de cuberta solicitadas coas condicións que figuran no informe dos servizos técnicos, debendo achegar unha vez rematadas as obras e no prazo de seis meses unha memoria final das obras executadas de acordo co disposto no artigo 43 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia e conforme ao indicado no antedito informe.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por don Antonio Sabucedo Costa de data 17/06/2020.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento catro euros (#104,00#).

2.4.- Comunicación previa de obra de dona Argentina Estévez Sandá. (Expediente número 2020/U026/000019)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona Argentina Estévez Sandá para reparación de cuberta de vivenda unifamiliar, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Eugenio Torreira Pais en calidade de Arquitecto, de data maio de 2020.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001102900NH43G0001KJ, emprazada en Piñeiro, 9 – San Andrés de Illobre, cun prazo de execución de 12 meses.

Dáse conta da autorización emitida pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 10/07/2020 (expdte. 1263/20) en sentido favorable.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e ao contido da autorización emitida por patrimonio cultural.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento trinta e catro euros con sesenta céntimos (#134,60#).



2.5.- Comunicación previa de obra de don Luís Carbia Noya. (Expediente número 2020/U026/000030).

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Luís Carbia Noya para canalización subterránea con tubaxe para levar auga dunha finca a outra para o que é preciso cruzar unha vía municipal.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela emprazada en Xián, 4 – San Pedro de Sarandón, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos datos comunicados e á información gráfica achegada.

Por tratarse dun uso común especial normal do dominio público, deberá terse en conta o disposto no Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, adecuándose á información gráfica que foi presentada. Deberá repoñer o pavimento e deixalo nas mesmas condicións nas que estaba. Deberá tamén comunicar por escrito o inicio e fin das actuacións para a comprobación da correcta execución.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas; sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.6.- Comunicación previa de obra de don Manuel E. Veiga Codeso. (Expediente núm. 2020/U026/000032)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Manuel E. Veiga Codeso para rehabilitación de vivenda, consistente no pintado da fachada e limpeza do tellado.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 002202200NH43G0001KJ, emprazada en Trasariz de Arriba, 8- Vedra, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos datos comunicados, manter a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.7.- Comunicación previa de obra de don Manuel Penas Íñiguez. (Expediente número 2020/U026/000034)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Manuel Penas Íñiguez para substitución da tella de edificación auxiliar



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000203700NH43G0001PJ, emprazada en Cornado, 9 – San Fins de Sales, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos datos comunicados, manter a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.8.- Comunicación previa de obra de dona M<sup>a</sup>. Del Rosario Castro Ferro. (Expediente número 2020/U026/000036)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa promovido por dona M<sup>a</sup> del Rosario Castro Ferro para rehabilitación de vivenda consistente no cambio de cuberta nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Luis Ruibal Rodríguez, en calidade de arquitecto, de data 13/08/2020 e número de visado 2003861.2.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 8463119NH4386S, emprazada en Castro, 9 – Ponte Ulla, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento corenta e nove euros con noventa e un céntimos (#149,91#).

2.9.- Comunicación previa de obra de don José Luís Seoane González. (Expediente número 2020/U026/000037 )

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don José Luís Seoane González para rehabilitación de vivenda consistente en substituír a tella existente por tella nova, nunha superficie aproximada do tellado de 80 m<sup>2</sup>.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001103000NH43G0001MJ, emprazada en Piñeiro, 6 - San Andrés de Illobre, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos datos comunicados, mantendo a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta e nove euros con noventa e sete céntimos (#59,97#).

2.10.- Instancia núm. 202000000000720 de dona Purificación Castelao Pérez. (Expediente prórroga número: 2020/U003/000002)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Rosende - Merín, expón que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 14/12/2014 concedeulle licenza para construción dunha vivenda unifamiliar en Rosende – Merín (Expediente



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



número 2014/U008/000014), e dado que por diversos motivos non puido rematalas, solicita a concesión dunha segunda prórroga.

A Xunta de Goberno Local, á vista do disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acorda concederlle unha segunda prórroga, por un novo prazo de 3 anos, para a finalización das obras obxecto do expediente, ao estar rematadas exteriormente.

A segunda prórroga concedida entenderase dende a expiración do prazo da prórroga anterior.

2.11.- Instancia núm. 202000000000951 de don Manuel Blanco Enjamio. (Expediente prórroga número: 2020/U003/000004)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Andrés de Illobre, expón que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 13/09/2017 concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Viño grande – Illobre (Expediente número 2017/U022/000023), e dado que por diversos motivos non puido rematalas, solicita a concesión dunha prórroga.

A Xunta de Goberno, á vista do disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acorda concederlle unha prórroga, por un novo prazo de 3 anos, para a finalización das obras obxecto do expediente, coa condición de que estas sexan rematadas exteriormente, requisito sen o cal non poderán concederse novas prórrogas.

A prórroga concedida entenderase dende a expiración do prazo inicialmente concedido ou dende a finalización do prazo da prórroga anterior.

2.12.- Instancia núm. 202000000000312 de Vda. De Parada y J. Alvela , S.L. (Expediente núm. 2020/U022/000008)

Dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 390/20, de data 10 de agosto:“EXPEDIENTE MUNICIPAL NÚMERO: 2020/U022/000008. Instancia núm. 202000000000312 de VIUDA DE PARADA Y J. ALVELA, S.L.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, representada por don José Angel Albela Albela, solicita licenza para obras de reforma de nave-almacén de froitas e hortalizas en A Igrexa, 4 –Merín (Expediente núm.: 2020/U022/000008), en solo cualificado como “Dos Núcleos Rurais. N-1”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por José M. Diego Durán, en calidade de arquitecto, e de data de agosto de 2020, e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 002000300NH43E0001YX .

Dáse conta tamén da autorización outorgada polo Servizo de Patrimonio Cultural, con data do 12/06/2020 (expdte.: 925/20), para as obras solicitadas, ao tratarse dunha intervención nun edificio emprazado nun contorno de protección segundo o vixente PXOM.

Dáse conta do informe emitido polos Servizos técnicos municipais, e á vista do seu contido e en función das facultades que me outorga o artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sen prexuízo da súa ratificación pola Xunta de Goberno Local,



**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.
- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por José M. Diego Durán de data agosto de 2020.
- Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil doce euros (#1.012,00#)

**SEGUNDO.-** Notificar o contido desta resolución aos interesados no expediente.”  
A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a citada Resolución da Alcaldía.

2.13.- Corrección de erros expediente 2020/U007/000003.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 22 de xuño do ano que andamos, acordou concederlle licenza de primeira ocupación a don Roberto Vales Lobato para a vivenda unifamiliar sita en Angustín .

No citado acordo figura por erro Angustín -San Mamede de Ribadulla, cando o correcto é Angustín - Santa Cruz de Ribadulla.

**3º.- Certificacións de obras.**

3.1.- Certificación núm. 1 da obra de Saneamento en Romarís do POS +2019 (Código 19.2000.0259.0)

Dáse conta da citada certificación núm. 1 da obra de Saneamento en Romarís do POS +2019 (Código 19.2000.0259.0), por importe de 0,00 euros, adxudicada á empresa Obras y Viales de Galicia, S.L, por Resolución da Alcaldía 219/20 de data 21 de maio.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a citada certificación.

3.2.- Certificación núm. 2 da obra de Saneamento en Romarís do POS +2019 (Código 19.2000.0259.0)

Dáse conta da certificación núm. 2 da obra de Saneamento en Romarís do POS +2019 (Código 19.2000.0259.0), e máis da factura núm. EO20 198 da empresa adxudicataria da obra , Obras y Viales de Galicia, S.L, por importe de trinta e dous mil cincocentos corenta e catro euros con catro céntimos (#32.544,04#),

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a citada certificación e a factura correspondente.

**4º.- Facturas varias.**

Dáse conta da relación contable de facturas núm. F/2020/11 (expediente electrónico núm. 2020/X999/000059), que ascende a un importe total de 183.342,05 euros, a cal se engade como anexo á presente acta.

Vista a citada relación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar todas as facturas contidas na mesma.



### 5º.- Aprobación gastos de persoal.

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a providencia da Alcaldía, de data 13 de agosto de aprobación de gastos de asistencias a mesas de contratación, procesos de selección de persoal, e fondo social dos traballadores municipais, por importe de 1.443,24 euros.

### 6º.- Dar conta de Resolucions da Alcaldía.

Dáse conta das Resolucions da Alcaldía do mes de xullo:

DECRETO	DATA	ASUNTO
317	01/07/2020	Lista definitiva admitidos/as proceso selectivo PEL Deputación 2020 (oficial de segunda vacante)
318	02/07/2020	Desistimento da subvención para a contratación temporal dun/unha psicopedagogo/a e suspensión definitiva do proceso de selección
319	02/07/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
320	03/07/2020	Adxudicación da elaboración dun vídeo con cargo aos Fondos do Pacto de Estado (iniciativa dos concellos de Boqueixón, Vedra e Touro) (Expdte. 2020/C002/000023)
321	03/07/2020	Pagamento axuda de emerxencia social a CRF
322	03/07/2020	Contratación persoal programa APROL RURAL 2020 (9 meses a xornada completa, contrato por obra ou servizo)
323	03/07/2020	Alta na EIM curso 2020-2021 de ASP/VSC/APM e MLC
324	03/07/2020	Contratación posto vacante de oficial de segunda albanel (PEL Deputación 2020)
325	03/07/2020	Adxudicación praza programa Conxuga, modalidade ludoteca de verán a USR
326	03/07/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
327	06/07/2020	Delegación funcións Alcaldía do 25/07 ao 02/08 por vacacións
328	06/07/2020	Pago de indemnización a particular pola venda de parcela en Laraño –San Xíán de Sales para executar obras de ampliación de sumidorios
329	06/07/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
330	07/07/2020	Aplicación bonificación do 100% do prezo da EIM para 2º e sucesivos irmáns (Lei 7/2019, de 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que modifica a Lei13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia) (DOG 246/19 do 27 de decembro e BOE núm. 33/20, do 07 de febreiro)
331	07/07/2020	Concesión axuda de emerxencia social a ISG
332	07/07/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
333	08/07/2020	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
334	08/07/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
335	09/07/2020	Aprobación listaxe definitiva admitidos/as na EIM curso 2020-2021
336	10/07/2020	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
337	10/07/2020	Suspensión obras de ampliación de vivenda en Trasariz de Arriba – Vedra e remisión expediente á APLU
338	13/07/2020	Aprobación listaxe provisional admitidos/as, excluídos/as proceso selectivo de técnico/a de turismo
339	13/07/2020	Adxudicación de revisión de extintores a Ingeniería Domótica e Seguridade, S.L (Expdte. Contrato menor 2020/C002/000020)
340	15/07/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
341	16/07/2020	Baixa de oficio de UGI no programa Conxuga-Modalidade ludoteca de verán 2020-2021
342	16/07/2020	Expediente modificación de créditos 10/20 (transferencias)





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



343	16/07/2020	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
344	16/07/2020	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
345	20/07/2020	Aprobación pagamento bonos de axuda de emerxencia social aos provedores
346	20/07/2020	Ampliación intensidade SAF con cargo ao SAF extraordinario COVID-19 a MCB
347	30/07/2020	Aprobación padrón fiscal da taxa por abastecemento de auga potable do 2º trimestre de 2020
348	21/07/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
349	21/07/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
350	23/07/2020	Expediente de modificación de créditos 11/20 (xeración)
351	23/07/2020	Aprobación nóminas correspondentes ao mes de xullo
352	24/07/2020	Listaxe definitiva de admitidos/as, excluídos/as proceso selectivo para o posto de técnico/a de turismo, datas, lugar e hora das probas
353	24/07/2020	Aprobación pagamento final aos socios do proxecto Youtnest.crea (Erasmus +)
354	24/07/2020	Expediente limpeza de fincas en Paizás –Trobe
355	24/07/2020	Expediente limpeza de fincas en Paizás –Trobe
356	24/07/2020	Expediente limpeza de fincas en Pazos –Sta Cruz de Ribadulla
357	24/07/2020	Expediente limpeza de fincas en A Gándara –San Fins de Sales
358	24/07/2020	Expediente limpeza de fincas en Nande –San Fins de Sales
359	24/07/2020	Concesión uso piscina municipal á Asociación Amabul o día 29 de xullo (campamento infantil e xuvenil)
360	24/07/2020	Expediente limpeza de fincas en Calzande –San Xián de Sales
361	24/07/2020	Expediente limpeza de fincas en Nande – San Fins de Sales
362	24/07/2020	Ampliación intensidade SAF con cargo ao SAF extraordinario COVID-19 a JVR
363	28/07/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
364	28/07/2020	Reiterando limpeza de fincas en Laraño –San Xián de Sales
365	31/07/2020	Adxudicación a Elecnor, S.A a execución do proxecto de mellora da eficiencia enerxética no campo de fútbol municipal (O Coto) (Expediente 2020/C005/000001)

A Xunta de Goberno Local dáse por informada.

### 7º.- Outros asuntos.

#### 7.1.- Aprobación padrón fiscal SAF 2º trimestre de 2020.

Dáse conta do padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondentes ao 2º trimestre de 2020, cuxo resumo é o seguinte:

	Nº usuarios	Importe
Usuarios dependentes	53	13.186,46 euros
Libre concorrencia	18	3.477,81 euros

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado padrón.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e cinco minutos.

**RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS**  
ACORDO APROBACION FACTURAS X.G.L. 25-08-2020

Núm. Entrada Fec. Registro	Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo	Núm.Doc. Fec.Doc.	Situación Grupo Factura	- APLICACIÓN -			I.V.A. Deducible Euros	- DESCUENTOS -		Importe Fac. Euros		
				Año	Org. Prog.	Econ.		RC,A,D	Importes		Conceptos Descuento	Importes
									Euros			Euros
F/2020/1218 07/07/2020	A08431090 Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A. Subministración eléctrica ao campo de fútbol de Santa Cruz. Período: 01/06/2020 - 30/06/2020	FE20321332880327 06/07/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	341	22100		326,29		326,29		
F/2020/1219 07/07/2020	A08431090 Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A. Subministración eléctrica á casa da terceira idade. Período: 01/06/2020 - 30/06/2020	FE20321332880431 06/07/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	231	22100		155,98		155,98		
F/2020/1231 07/07/2020	A65067332 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A Subministración eléctrica ao bombeo de Neira de Abaixo. Período: 01/06/2020-30/06/2020	FE20137017485828 06/07/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	160	22100		141,95		141,95		
F/2020/1249 10/07/2020	B36875938 Atendo Calidade, S.L. Fra. E20/00391. Servizo de axuda no fogar para a dependencia. Xuño/2020 (Horas laborables e festivas dependencia IVE 4%)	E20/00391 30/06/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	231	22799	AD:220200000001	38.668,21		38.668,21		
F/2020/1250 10/07/2020	B36875938 Atendo Calidade, S.L. Fra. E20/00389. Servizo de axuda no fogar para a dependencia. Xuño/2020(Horas libre concorrencia. IVE 10%)	E20/00389 30/06/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	231	22799	AD:220200000001	1.557,17		1.557,17		
F/2020/1251 10/07/2020	B36875938 Atendo Calidade, S.L. Fra. E20/00390. Servizo de axuda no fogar para a dependencia. Xuño/2020. (Horas libre concorrencia. IVE 4%)	E20/00390 30/06/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	231	22799	AD:220200000001	2.809,71		2.809,71		

**RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS**  
ACORDO APROBACION FACTURAS X.G.L. 25-08-2020

Núm. Entrada Fec. Registro	Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo	Núm.Doc. Fec.Doc.	Situación Grupo Factura	- APLICACIÓN -				I.V.A. Deducible Euros	- DESCUENTOS -		Importe Fac. Euros	
				Año	Org. Prog.	Econ.	RC,A,D		Importes	Conceptos Descuento		Importes
									Euros			Euros
F/2020/1261 15/07/2020	A61797536 Gas Natural Comercializadora, S.A. Subministración eléctrica ao arquivo municipal de Vedra. Período: 09/06/2020-26/06/2020	PI20142000228622 02/07/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	334	22100		10,01			10,01	
F/2020/1268 16/07/2020	B15519697 Reparaciones Sinde, S.L. Reparación portal ludoteca, portal punto limpo, rozadoiras do tractor e cortacésped brigada verde	20 57 30/06/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	1531	21300		2.310,00			2.837,30	
				2020	170	21300		104,65				
				2020	231	22699		407,77				
				2020	1621	22699		14,88				
F/2020/1269 16/07/2020	B94011665 Supernova Asistencias, S.L.U. Realización de proxección A Galiña Turuleca o 08/07/2020 do programa Visións 2020 da Rede Cultural da Deputación	A 145 15/07/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	334	22609		670,00			670,00	
F/2020/1270 17/07/2020	B15533003 M.C. Mapoca, S.L. Materiais subministrados para nave de Trobe, escola de San Fins e CPI Vedra, e panel publicitario	20/165 30/06/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	1531	21300		80,00			164,52	
				2020	1531	21000		28,07				
				2020	320	21300		36,48				
				2020	920	22602		19,97				
F/2020/1271 17/07/2020	B96913579 Serovial SL Subministración sinalización viaria para vías municipais	20-H 0343 15/07/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	1531	62500	RC:22020002182	1.032,07			1.032,07	

## RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS

ACORDO APROBACION FACTURAS X.G.L. 25-08-2020

Núm. Entrada Fec. Registro	Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo	Núm.Doc. Fec.Doc.	Situación Grupo Factura	- APLICACIÓN -			I.V.A. Deducible Euros	- DESCUENTOS -		Importe Fac. Euros	
				Año Proyecto	Org. Prog. Econ.	RC,A,D		Importes	Conceptos Descuento		Importes
								Euros			Euros
F/2020/1272 17/07/2020	F15983067 Culturactiva Soc. Coop. Galega Espectáculo Cociñando Música, a cargo do Capitán Garfo, o día 15 de xullo de 2020. Rede cultural 2020 Deputación	Cult- 1232020 15/07/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	334 22609		605,00			605,00	
F/2020/1273 19/07/2020	A82018474 Telefonica de España, S.A.U. Servizo telefónico Ibercom na casa consistorial. (Cotas de xullo/2020 e tráfico de xuño/2020)	TA6JQ0000161 19/07/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	920 22200		280,95			280,95	
F/2020/1274 19/07/2020	A82018474 Telefonica de España, S.A.U. Instalación, xestión, mantemento e arrendamento router e alta ADSL 981503138 na casa consistorial mes xuño/2020	TD-G0TG-103975 19/07/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	920 22200		267,89			267,89	
F/2020/1275 22/07/2020	B15938426 Fromico, S.L. (Manuel Baluja) Servizo de limpeza do centro de saúde de Vedra prestado en abril/2020	A/106 30/04/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	312 22700	RC:22020000035	1.210,00			1.210,00	
F/2020/1276 22/07/2020	B15938426 Fromico, S.L. (Manuel Baluja) Servizo de limpeza do centro de saúde de Vedra prestado en maio/2020	A/135 31/05/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	312 22700	RC:22020000035	1.210,00			1.210,00	
F/2020/1277 22/07/2020	B15938426 Fromico, S.L. (Manuel Baluja) Servizo de limpeza do centro de saúde de Vedra prestado en xuño/2020	A/165 30/06/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	312 22700	RC:22020000035	1.210,00			1.210,00	
F/2020/1278 22/07/2020	B15938426 Fromico, S.L. (Manuel Baluja) Servizo de limpeza da casa consistorial prestado en abril/2020	A/105 30/04/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	920 22700	RC:22020000034	750,20			750,20	

**RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS**  
ACORDO APROBACION FACTURAS X.G.L. 25-08-2020

Núm. Entrada Fec. Registro	Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo	Núm.Doc. Fec.Doc.	Situación Grupo Factura	- APLICACIÓN -				I.V.A. Deducible Euros	- DESCUENTOS -		Importe Fac. Euros		
				Año	Org.	Prog.	Econ.		RC,A,D	Importes		Conceptos Descuento	Importes
										Euros			Euros
F/2020/1279 22/07/2020	B15938426 Fromico, S.L. (Manuel Baluja) Servizo de limpeza da casa consistorial prestado en maio/2020	A/134 31/05/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	920	22700	RC:22020000034	750,20			750,20		
F/2020/1280 22/07/2020	B15938426 Fromico, S.L. (Manuel Baluja) Servizo de limpeza da casa consistorial prestado en xuño/2020	A/164 30/06/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	920	22700	RC:22020000034	750,20			750,20		
F/2020/1281 22/07/2020	A83052407 S. E. Correos y Telegrafos S.A. Telegrama pésame á gardería municipal polo pasamento do administrador	6309420200720000260 20/07/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	912	22601		12,64	2020	40100	12,64		
F/2020/1282 22/07/2020	B70436712 DGP Consultores Integrales de Formación, S.L. Curso de prevención de riscos laborais nivel básico para os 5 alumnos do PEL 2020 da Deputación	F/6 18/07/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	241	22799	2020 / 3 / PEL20 / 1 / 1	475,00			475,00		
F/2020/1283 22/07/2020	G70181557 Asociacion Terras de Compostela Cota socio Asociación Terras de Compostela. Anualidade/2020	2020- 29 15/07/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	920	48000		1.000,00			1.000,00		
F/2020/1284 23/07/2020	B36349678 Mobraferr, s.l.u. Alugueiro pisón compactador para arranxo de vías municipais do 08/07/2020 ao 10/07/2020	271 13/07/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	1531	21300		217,80			217,80		
F/2020/1285 24/07/2020	B15519697 Reparaciones Sinde, S.L. Reparación da marquesiña situada na estación de ferrocarril en Santa Cruz de Rivadulla	20 66 20/07/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	1531	21000		3.964,57			3.964,57		

**RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS**  
ACORDO APROBACION FACTURAS X.G.L. 25-08-2020

Núm. Entrada Fec. Registro	Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo	Núm.Doc. Fec.Doc.	Situación Grupo Factura	- APLICACIÓN -				I.V.A. Deducible Euros	- DESCUENTOS -		Importe Fac. Euros	
				Año	Org. Econ.	Prog. Econ.	RC,A,D		Importes	Conceptos Descuento		Importes
									Euros			Euros
F/2020/1289 31/07/2020	A15065063 Comercial Veiras S.A. Revisar fallo de alimentación no tractor Lamborghini Premium en xullo/2020 (inclúe man de obra, pezas e desprazamentos)	T 9301 28/07/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	1531	21300		423,15			423,15	
F/2020/1290 31/07/2020	B70460381 Acofide 2000 Xestion, S.L. Servizo de xestion e mantemento do pavillón municipal de Vedra. Xullo 2020	20 040 31/07/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	341	22799	AD:220200000036	6.243,60			6.243,60	
F/2020/1291 31/07/2020	B70460381 Acofide 2000 Xestion, S.L. Servizos de xestión, mantemento e socorrismo na piscina municipal de Vedra tempada verán 2020, mes xullo (RA 293/2020)	20 041 31/07/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	341	22799	AD:220200003411	7.441,50			7.441,50	
F/2020/1292 31/07/2020	B35664879 MHP Servicios de Control, S.L. Servizo integral de control horario do persoal municipal. Período 01/07/2020-31/07/2020	3072911 31/07/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	920	22706		258,94			258,94	
F/2020/1293 31/07/2020	A66141185 Viaqua Gestion Integral de Aguas de Galicia, S.A.U. Xestión dos servizos municipais de saneamento e depuración durante o mes de xullo/2020	2099200252 31/07/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	160	22799	AD:220200000063	6.057,95			6.057,95	
F/2020/1294 01/08/2020	A78923125 Telefonica Moviles España, S.A. Servizo telefónico plan corporativo tarifa única 20 extensións fixas (período 18/06/2020-17/07/2020 e cotas 07/2020)	28-H0U1-082433 01/08/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	920	22200		9,22			9,22	

**RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS**  
ACORDO APROBACION FACTURAS X.G.L. 25-08-2020

Núm. Entrada Fec. Registro	Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo	Núm.Doc. Fec.Doc.	Situación Grupo Factura	- APLICACIÓN -				I.V.A. Deducible Euros	- DESCUENTOS -		Importe Fac. Euros	
				Año	Org. Prog.	Econ.	RC,A,D		Importes	Conceptos Descuento		Importes
									Euros			Euros
F/2020/1295 01/08/2020	A78923125 Telefonica Moviles España, S.A. Servizo telefónico plan corporativo tarifa única 35 extensións móbiles (período 18/06/2020-17/07/2020 e cotas 07/2020)	28-H0U1-007753 01/08/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	920	22200		547,55			547,55	
F/2020/1296 01/08/2020	A78923125 Telefonica Moviles España, S.A. Servizo telefónico plan empresas móbil 3 liñas (período 18/06/2019-17/07/2020 e cotas 07/2020)	28-H0M0-044351 01/08/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	920	22200		55,94			55,94	
F/2020/1297 01/08/2020	A78923125 Telefonica Moviles España, S.A. Servizo telefónico na nave de Trobe (período 18/06/2020-17/07/2020 e cotas 07/2020)	28-H0M0-093325 01/08/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	920	22200		34,87			34,87	
